

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

3085 *REAL DECRETO 136/2000, do 4 de febreiro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, no relativo ó reembolso do custo das garantías prestadas para suspende-la execución das débedas tributarias e ó réxime de actuacións da inspección dos tributos e se adapta ás previsións da dita lei o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria. («BOE» 40, do 16-2-2000, e «BOE» 51, do 29-2-2000.)*

A plena implantación dos dereitos e garantías contidos na Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, require, nalgúns casos, a adecuación a eles dos principais textos regulamentarios en materia de procedemento tributario, así como o desenvolvemento das cuestións que a propia lei remite ó ámbito regulamentario.

A responder a esta necesidade, de completa-lo desenvolvemento normativo da Lei 1/1998, atende este real decreto, o cal, xunto co Real decreto 1930/1998, do 11 de setembro, polo que se desenvolve o réxime sancionador tributario e se introducen as adecuacións necesarias no Real decreto 939/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral da inspección dos tributos, constitúen os principais instrumentos normativos que trasladan ó ordenamento tributario os importantes principios consagrados pola citada Lei 1/1998, coa finalidade de reforza-la seguridade xurídica e os dereitos e garantías dos contribuíntes.

De acordo co exposto, este real decreto establece o procedemento para o reembolso do custo das garantías prestadas para suspende-la execución das débedas tributarias e modifica o Regulamento xeral da inspección dos tributos, aprobado polo Real decreto 939/1986, do 25 de abril, para desenvolver, fundamentalmente, o procedemento de solicitude de comprobación xeral formulada polo contribuínte e a regulación do cómputo do prazo de duración das actuacións inspectoras, así como o procedemento para a ampliación, se é o caso, do dito prazo.

Este real decreto modifica, así mesmo, o Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria, co obxecto de adecualo ós preceptos da citada Lei 1/1998.

O real decreto consta de 10 artigos, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras.

A regulación do reembolso do custo das garantías prestadas para suspende-la execución das débedas tributarias estrutúrase en tres capítulos: o primeiro deles referido á regulación do dereito ó reembolso do custo de garantías; o segundo, ó procedemento para obte-lo dito reembolso e o terceiro, á redución proporcional de garantías.

O principio que preside esta regulación é o da asunción, pola Administración, do custo das garantías achegadas polo contribuínte para suspende-la execución dunha débeda tributaria que, como consecuencia dunha sentenza ou resolución administrativa firme, é declarada improcedente. No caso de que a improcedencia sexa parcial, o reembolso será, tamén, parcial e referirase, evidentemente, á parte da garantía afectada pola decla-

ración efectuada; poderá, ademais, en tal caso e de continua-la vía de recurso polo resto da débeda pendente, obte-la redución proporcional da garantía inicialmente achegada.

Para estes efectos, considérase que é a Administración tributaria que dictou o acto de liquidación da débeda da que se declara a improcedencia, a que debe efectualo reembolso legalmente previsto, o cal se refire, exclusivamente, no suposto de avais, ás cantidades efectivamente satisfeitas a entidades de crédito ou sociedades de garantía recíproca en concepto de comisións e gastos por formalización, mantemento e cancelación do aval e, no caso de hipotecas e peñores, ós gastos incorridos para a súa constitución, formalización e cancelación.

Pola súa parte, a disposición derradeira primeira leva a cabo unha nova modificación parcial do Regulamento xeral da inspección dos tributos, que completa a iniciada polo Real decreto 1930/1998, coa finalidade de adaptalo citado regulamento ós principios xerais introducidos pola Lei 1/1998, introducindo, ademais, certas modificacións e melloras de carácter técnico.

As modificacións que se realizan afectan os artigos 11, 29, 31, 32, 33, 35, 57 e 63 bis.2 e supoñen, así mesmo, a introdución de novos preceptos no regulamento, como artigos 31 bis, 31 ter, 31 quarter, 32 bis, 33 bis e 33 ter. Así mesmo, derrógase o número 5 do artigo 60.

Os aspectos máis relevantes destas modificacións son os que atinxen á incidencia no procedemento inspector da solicitude de comprobación xeral, se ben referida ó tributo e exercicio obxecto de comprobación parcial pola inspección, así como os que se refiren ás regras de cómputo do prazo xeral de duración das actuacións inspectoras, no tocante á determinación das que se consideran interrupcións xustificadas no cómputo do dito prazo, motivadas, xeralmente, polas actuacións complementarias que a Administración debe realizar, así como ás que se consideran dilacións imputables ó contribuínte, as cales, igualmente, interrompen o cómputo do dito prazo, por canto que o efecto que produce o seu incumprimento, non téndose dado as causas xustificadas descritas, é que non se considere interrompida a prescrición como consecuencia das actuacións realizadas.

Precísanse, así mesmo, en maior medida, os supostos que habilitan para a ampliación do prazo inicial e régulase o procedemento para a adopción do correspondente acordo de ampliación, que será motivado e se lle notificará ó interesado, se ben non será susceptible de recurso.

A disposición derradeira segunda modifica parcialmente o Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a devolución de ingresos indebidos de natureza tributaria, coa finalidade principal de incorpora-lo novo prazo de prescrición do dereito á devolución de ingresos indebidos, que se reduce a catro anos, en virtude do previsto na Lei 1/1998 e como consecuencia da redución, en iguais termos, do prazo xeral para esixilas débedas tributarias, así como para recoñece-la procedencia do aboamento de xuros de demora, con ocasión da práctica de tales devolucións, na forma xa prevista polo artigo 10 da Lei 1/1998.

As disposicións derradeiras terceira e cuarta refírense, respectivamente, á habilitación ó ministro de Economía e Facenda para o desenvolvemento e execución deste real decreto e á entrada en vigor del, debéndose destacar, para estes efectos, a mención que, en relación coa aplicación dos novos prazos de prescrición, se realiza, para evita-las posibles diverxencias que puidesen xurdir na súa interpretación.

Na súa virtude, facendo uso do disposto na disposición derradeira quinta da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, por pro-

posta do ministro de Economía e Facenda, coa aprobación do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de ministros na súa reunión do día 4 de febreiro de 2000,

DISPÕÑO :

CAPÍTULO I

Alcance do reembolso do custo de garantías

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

A Administración tributaria reembolsará, logo de acreditación do seu importe, o custo das garantías achegadas para suspende-la execución dunha débeda tributaria, en canto esta sexa declarada improcedente por sentenza ou resolución administrativa e a dita declaración adquiera firmeza.

Para estes efectos, será a Administración, entidade ou organismo que dictase o acto de liquidación da débeda da que se declara a improcedencia, a obrigada a efectuar-lo dito reembolso.

O reembolso dos custos das garantías achegadas para obte-la suspensión da execución das débedas tributarias acadará os custos necesarios para a súa formalización, mantemento e cancelación, nos termos previstos neste real decreto.

Cando a débeda tributaria sexa declarada parcialmente improcedente por sentenza ou resolución administrativa e a dita declaración adquiera firmeza, o reembolso alcanzará a parte correspondente do custo das referidas garantías.

O procedemento previsto neste real decreto limitarase ó reembolso dos custos anteriormente indicados, se ben o obrigado tributario que o estime procedente poderá instar, en relación con outros custos ou conceptos distintos, o procedemento de responsabilidade patrimonial previsto no título X da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando se dean as circunstancias previstas para iso.

Artigo 2. *Garantías obxecto de reembolso.*

Para os efectos do previsto no artigo anterior, o dereito ó reembolso recollido neste real decreto abranguerá as garantías que, prestadas de conformidade coa normativa vixente, fosen aceptadas para a suspensión da execución de débedas tributarias e que, a continuación, se mencionan:

- a) Avais prestados por entidades de crédito e sociedades de garantía recíproca.
- b) Hipotecas mobiliarias e inmobiliarias.
- c) Peñores, con ou sen desprazamento.
- d) Calquera outra que aceptase a Administración ou os tribunais.

Artigo 3. *Determinación do custo das garantías prestadas.*

1. Para efectos de proceder ó seu reembolso, o custo das garantías antes mencionadas determinarase na seguinte forma:

- a) Nos avais, polas cantidades efectivamente satisfeitas á entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca en concepto de comisións e gastos por formalización, mantemento e cancelación do aval, devengados ata os trinta días seguintes á notificación ó interesado da correspondente resolución ou sentenza.

b) Nas hipotecas e peñores mencionados no artigo anterior, o seu custo incluirá as cantidades satisfeitas polos seguintes conceptos:

- 1.º Gastos derivados da intervención de fedatario público.
- 2.º Gastos rexistrals.
- 3.º Impostos derivados directamente da constitución da garantía e, se é o caso, da súa cancelación.
- 4.º Gastos derivados da taxación ou valoración dos bens ofrecidos en garantía a que se refire o artigo 76.5 do Regulamento de procedemento nas reclamacións económico-administrativas, aprobado polo Real decreto 391/1996, do 1 de marzo.

c) Nos depósitos en diñeiro efectivo constituídos de acordo coa normativa aplicable, aboarase o xuro legal correspondente ás cantidades depositadas ata os trinta días seguintes ó da notificación ó interesado da correspondente resolución ou sentenza.

d) Cando fosen aceptadas pola Administración tributaria ou os tribunais garantías distintas das anteriores, admitirase o reembolso delas, limitado, exclusivamente, ós custos acreditados en que se incorrese de maneira directa para a súa formalización, mantemento e cancelación.

2. No suposto de que a Administración, por causa imputable a ela, non devolvase ou non cancelase a garantía no prazo anteriormente indicado, o devandito prazo ampliarase ata que esta devolución ou cancelación se produza.

CAPÍTULO II

Procedemento para o reembolso do custo das garantías achegadas

Artigo 4. *Normas de aplicación.*

O procedemento para reembolsa-lo custo das garantías achegadas para suspende-la execución de débedas tributarias, a que se refire o artigo 1, rexerase polo disposto neste real decreto.

Artigo 5. *Órganos competentes.*

1. Serán órganos competentes para acorda-lo reembolso do custo das garantías achegadas para a suspensión de débedas tributarias liquidadas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, os xefes das dependencias de recadación das delegacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Para estes efectos, serán órganos competentes para a tramitación do procedemento e para eleva-la proposta de resolución ó xefe da dependencia de recadación, os órganos de recadación que tramitasen a suspensión da que trae causa a correspondente solicitude de reembolso, ou os órganos de recadación competentes en razón da adscrición do debedor, cando a suspensión da que trae causa a solicitude de reembolso fose acordada nun recurso de reposición, calquera que sexa o órgano competente para resolver este último.

Cando se trate de suspensións as garantías das cales consten en poder dos tribunais económico-administrativos, ou dos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, corresponderalle tramita-la petición de reembolso de custos ó órgano de recadación competente por razón da adscrición do debedor.

Malia o previsto nos dous parágrafos anteriores, cando as necesidades do servizo así o aconsellen e co fin de axiliza-la tramitación da solicitude de reembolso, o xefe da dependencia de recadación poderalle atribuí-la

instrucción do expediente á unidade da dependencia de recadación que designe.

2. Cando o reembolso do custo de garantías teña a súa orixe na suspensión de débedas tributarias liquidadas por departamentos ministeriais ou entidades ou organismos, serán competentes os correspondentes órganos liquidadores.

3. Os órganos competentes das facendas territoriais para o reembolso do custo de garantías achegadas para suspende-la execución de débedas tributarias liquidadas por elas serán os que se determinen na súa normativa propia e, en defecto desta, os que exerzan funcións análogas ás dos órganos mencionados no ámbito da Administración do Estado.

Artigo 6. *Iniciación.*

1. O procedemento iniciarase por instancia do interesado mediante escrito que este lle deberá dirixir ó órgano competente para a súa tramitación de acordo co previsto no artigo anterior, facendo consta-las seguintes circunstancias:

- a) Nome e apelidos ou denominación social e número de identificación fiscal do interesado e, se é o caso, da persoa que o represente, así como domicilio para efectos de notificacións.
- b) Feitos, razóns e petición en que se concrete, con toda claridade, a solicitude.
- c) Lugar e data.
- d) Sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresa por calquera medio.
- e) Órgano ó que se dirixe.

2. Á solicitude de reembolso xuntaráselle os seguintes datos ou documentos:

- a) Copia da resolución, administrativa ou xudicial, pola que se declare improcedente total ou parcialmente o acto administrativo do que se suspendeu a execución con mención da súa firmeza.
- b) Acreditación do importe ó que ascendeu o custo das garantías das que se solicita o reembolso. No suposto de avais, deberá achegarse certificado expedido pola entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca concedente do aval, facendo consta-las cantidades satisfeitas a ela pola concesión, mantemento e cancelación do aval, con expresión da cantidade avalada así como copia do aval presentado. En relación co resto de garantías a que se refire o artigo 2 deste real decreto, deberá acreditarse o pagamento efectivo dos gastos mencionados nas letras b) e d) do número 1 do artigo 3, así como a data de constitución do depósito a que se refire a letra c) do mesmo precepto.
- c) Declaración que exprese o medio elixido polo que teña que efectuarse o reembolso; poderase optar por:

1.º Transferencia bancaria, na que se indique o número de código de conta e os datos identificativos da entidade de crédito ou bancaria.

2.º Cheque cruzado ou nominativo.

3.º Compensación nos termos previstos no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro.

Artigo 7. *Instrucción.*

1. O órgano que instrúa o procedemento poderá levar a cabo cantas actuacións resulten necesarias para comproba-la procedencia do reembolso que se solicita, e poderá solicita-los informes ou actuacións que xulgue necesarios.

2. Se o escrito de solicitude non reunise os datos expresados no número 1 do artigo anterior ou non ache-

gase a documentación prevista nas letras b) e c) do seu número 2, os órganos competentes na tramitación requirirán o interesado para que, nun prazo de dez días, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fai, considerarase que desistiu da súa petición, e esta arquivarase. Non embargante, se o interesado solicita que a Administración declare que se produciu a devandita desistencia, esta quedará obrigada a resolver sobre tal solicitude.

3. O prazo anterior poderá ser ampliado por petición do interesado ou por iniciativa do órgano instructor, cando a achega dos documentos requiridos presente dificultades especiais.

4. Finalizadas as actuacións, o órgano instructor, antes de redacta-la proposta de resolución, daralle audiencia ó interesado para que poida alega-lo que considere conveniente ó seu dereito.

Emporiso, de acordo co previsto no número 2 do artigo 22 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas cás aducidas polo interesado.

Artigo 8. *Resolución.*

1. O órgano competente dictará resolución e notificaraa nun prazo máximo de seis meses, contados desde a data en que o escrito de solicitude do interesado tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

2. Cando en virtude dos actos de instrucción desenvolvidos resulte procedente o reembolso do custo da garantía achegada, acordarase o reembolso das cantidades recollidas na letra b) do número 2 do artigo 6, en canto quedasen debidamente acreditadas e correspondan á suspensión da débeda declarada total ou parcialmente improcedente.

En caso de estimación parcial, o reembolso abranguerá só o importe do custo que lle corresponda á parte da débeda que sexa declarada improcedente.

3. Transcorrido o prazo para dictar resolución sen que esta se dictase, poderase entender desestimada a solicitude, para efectos de interpor contra a resolución presunta o correspondente recurso ou reclamación. A resolución expresa posterior ó vencemento do prazo será adoptada pola Administración sen ningunha vinculación ó sentido do silencio.

4. A resolución que poña fin a este procedemento será reclamable en vía económico-administrativa, logo do recurso de reposición se o interesado decide interpoñelo.

Artigo 9. *Execución.*

Dictada a resolución pola que se reconece o dereito ó reembolso do custo da garantía achegada, expedirase, nun prazo máximo de dez días contados desde a dita resolución, o oportuno mandamento de pagamento en favor da persoa ou entidade acreedora, na forma de pagamento elixida por esta, de acordo co establecido na letra c) do número 2 do artigo 6 deste real decreto.

CAPÍTULO III

Reducción proporcional de garantías

Artigo 10. *Reducción proporcional de garantías.*

Nos supostos de estimación parcial do recurso ou reclamación interpostos e ata que a sentenza ou resolución administrativa adquira firmeza, o contribuínte terá

dereito, se así o solicita, á redución proporcional da garantía achegada, se ben a garantía anterior seguirá afectada ó pagamento da débeda subsistente, mantendo a súa vixencia ata a formalización da nova garantía que cubra o importe da débeda subsistente.

Para os únicos efectos da redución ou substitución das garantías achegadas, o órgano xestor practicará no prazo dun mes, contado desde a data de presentación da solicitude do interesado, a liquidación que resultase da resolución do correspondente recurso ou reclamación, a cal servirá para determina-lo importe da redución procedente e, en consecuencia, da garantía que debe quedar subsistente.

Serán órganos competentes para proceder á substitución da garantía os órganos que no seu momento acordaron a suspensión.

Disposición transitoria única. Aplicación das modificacións realizadas no Regulamento xeral da inspección dos tributos.

As disposicións recollidas neste real decreto, en canto modifican o Regulamento xeral da inspección dos tributos, aplicaranse ós procedementos de comprobación e investigación ós que, non estando finalizadas no momento da entrada en vigor deste real decreto, lles resulte de aplicación a Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, en canto ás actuacións que se practiquen con posterioridade á súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó previsto neste real decreto.

2. En particular, queda derogado o número 5 do artigo 60 do Regulamento xeral da inspección dos tributos, aprobado polo Real decreto 939/1986, do 25 de abril.

Disposición derradeira primeira. Modificación parcial do Regulamento xeral da inspección dos tributos, aprobado polo Real decreto 939/1986, do 25 de abril.

Con efectos desde a data de entrada en vigor deste real decreto, dáselles nova redacción a determinados artigos do Regulamento xeral da inspección dos tributos, aprobado polo Real decreto 939/1986, do 25 de abril, e engádense novos preceptos ó citado regulamento, na forma que a continuación se indica:

1. «Artigo 11. Alcance das actuacións de comprobación e investigación.

1. As actuacións inspectoras de comprobación e investigación poderán ter carácter xeral ou parcial.

2. Terán carácter xeral cando teñan por obxecto a verificación na súa totalidade da situación tributaria do suxeito pasivo ou obrigado tributario, en relación con calquera dos tributos e deberes formais ou de colaboración que lle afecten dentro dos límites determinados por:

a) A competencia do órgano os funcionarios do cal realizan as correspondentes actuacións.

b) Os exercicios ou períodos a que se estenda a actuación inspectora.

c) A prescrición do dereito á Administración para determina-las débedas tributarias mediante a oportuna liquidación e da acción para impo-las sancións correspondentes ás infraccións tributarias que, se é o caso, se aprecien.

3. Así mesmo, de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, e no artigo 33 bis deste regulamento, cando o obrigado tributario solicite que unha actuación parcial teña carácter xeral, a Inspección dos Tributos deberá, no prazo de seis meses desde a solicitude, proceder á iniciación da comprobación de carácter xeral ou á ampliación do carácter da comprobación parcial en curso, se ben, exclusivamente, en relación co tributo e exercicio afectados pola actuación parcial.

4. As actuacións de comprobación e investigación serán parciais cando se refiran só a un ou varios dos tributos ou deberes que afectan o suxeito pasivo ou obrigado tributario, ou a feitos impoñibles determinados ou cando de calquera outro modo se circunscriba o seu obxecto a límites máis reducidos dos que se sinalan nos números anteriores.

5. En principio, as actuacións inspectoras de comprobación e investigación terán carácter xeral. Poderán ter carácter parcial as ditas actuacións nos seguintes casos:

a) Cando veña esixido polas normas legais ou regulamentarias.

b) Cando así o acorde o órgano competente, facéndose constar ó inicio das actuacións inspectoras mediante a correspondente comunicación.

c) No caso das comprobacións abreviadas a que se refire o artigo 34 deste regulamento.

6. As actuacións de comprobación e investigación de carácter xeral poderán limita-lo seu obxecto cando no curso da súa execución se poñan de manifesto razóns que así o aconsellen e sexan acordadas polo órgano competente. Do mesmo modo, a xuízo dos actuarios, poderase amplia-lo ámbito daquelas actuacións que inicialmente tiveren carácter parcial.

7. Calquera actuación inspectora dirixida a regularizar unha determinada situación tributaria non extingue o dereito da Facenda pública a determinar e esixir outras débedas anteriores non prescritas, mediante ulteriores actuacións.»

2. «Artigo 29. Modos de iniciación.

As actuacións da Inspección dos Tributos iniciaranse:

a) Por propia iniciativa da inspección, como consecuencia dos plans específicos de cada funcionario, equipo ou unidade de inspección, ou ben sen suxeición a un plan previo por orde superior escrita e motivada do inspector xefe respectivo.

b) A petición do obrigado tributario, de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, e no artigo 33 bis deste regulamento.»

3. «Artigo 31. Prazo xeral de duración das actuacións inspectoras.

As actuacións de comprobación, investigación e as de liquidación levaranse a cabo nun prazo máximo de doce meses contados desde a data en que se lle notifique ó obrigado tributario o inicio de tales actuacións ata a data en que se dicte o acto administrativo que resulte delas, agás que se acorde a ampliación do dito prazo na forma prevista no artigo 31 ter deste regulamento.

Para efectos deste prazo, non se computarán as dilacións imputables ó obrigado tributario nin os períodos de interrupción xustificada nos termos que se especifican no artigo 31 bis deste regulamento.»

4. «Artigo 31 bis. *Cómputo do prazo. Interrupcións xustificadas e dilacións imputables ó contribuínte.*

1. O cómputo do prazo de duración das actuacións inspectoras de comprobación e investigación, así como das de liquidación, considerarase interrompido xustificadamente cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Petición de datos ou informes a outros órganos da Administración do Estado, comunidades autónomas ou corporacións locais ou a outras administracións tributarias de estados membros da Unión Europea ou de terceiros países, polo tempo que transcorra entre a súa petición ou solicitude e a recepción deles, sen que a interrupción por este concepto poida exceder, para tódalas peticións de datos ou informes que se puidesen efectuar, de seis meses. Cando se trate de solicitudes formuladas a outros estados, este prazo será de doce meses.

b) Remisión do expediente ó Ministerio Fiscal, polo tempo que transcorra ata que, se é o caso, se produza a devolución do dito expediente á Administración tributaria.

c) Cando conorra algunha causa de forza maior que obrigue a Administración a interromper-las súa actuacións, polo tempo de duración da dita causa.

2. Pola súa banda, considerarase dilacións imputables ó propio obrigado tributario, o atraso por parte deste en atende-las solicitudes de información, requirimentos ou comparecencias formuladas ou solicitadas pola inspección dentro do ámbito das súas competencias, así como o aprazamento ou atraso das actuacións solicitado polo propio contribuínte nos casos en que se considere procedente. As solicitudes que non figuren integramente atendidas non se terán por recibidas para efectos deste cómputo ata que non se atendan debidamente, o que se lle advertirá ó interesado. Para efectos do dito cómputo, o atraso debido a dilacións imputadas ó contribuínte contarase por días naturais.

3. O contribuínte terá dereito, se así o solicita, a coñece-lo estado de tramitación do seu expediente e o cómputo das circunstancias indicadas nos números anteriores, incluíndo as datas de solicitude e de recepción dos informes correspondentes.

Nos supostos de interrupción xustificada, faranse constar, sen revela-los datos identificativos das persoas ou autoridades ás que se lles solicitou información, as datas de solicitude e recepción, se é o caso, de tales informacións. Sen prexuízo diso, cando o expediente se atope ultimado, no trámite de audiencia, previo á proposta de resolución, o contribuínte poderá coñece-la identidade de tales persoas ou organismos.

4. A interrupción do cómputo do prazo de duración das actuacións inspectoras non impedirá a práctica das que durante a dita situación puidesen desenvolverse.»

5. «Artigo 31 ter. *Ampliación do prazo de duración das actuacións inspectoras.*

1. O prazo a que se refire o artigo 31 poderá ser ampliado, logo de acordo do inspector xefe, por un prazo non superior ó inicialmente previsto, cando conorra, en calquera dos exercicios ou tributos a que se refire a actuación, algunha das seguintes circunstancias:

a) Que se trate de actuacións que revistan especial complexidade. Entenderase que conorre

esta circunstancia á vista do volume de operacións da persoa ou entidade, a dispersión xeográfica das súas actividades ou a súa tributación como grupos consolidados, ou en réxime de transparencia fiscal internacional.

Para estes efectos, e sen prexuízo da súa necesaria apreciación á vista das circunstancias do caso concreto obxecto de comprobación, poderá considerarse que as actuacións revisten especial complexidade cando se produza algún dos seguintes supostos:

1.º Cando o volume de operacións da persoa ou entidade sexa igual ou superior ó requirido para a obriga de audita-las súas contas.

2.º Cando o incumprimento substancial das obrigas contables ou rexistrais da persoa ou entidade, a desaparición dos libros ou rexistros contables ou a súa falta de achega polo contribuínte determine unha maior dificultade na comprobación que requira da ampliación do prazo.

3.º Cando se comprobe a actividade dun grupo de persoas ou entidades vinculadas e as ditas actuacións requiran a realización de comprobacións a diversos suxeitos pasivos no ámbito de diferentes delegacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

4.º Cando o obrigado tributario realice actividades fóra do ámbito territorial da Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria que corresponda ó seu domicilio fiscal, que requiran a realización de actuacións de comprobación da inspección fóra do dito ámbito territorial.

b) Cando no transcurso delas se descubra que o contribuínte lle ocultou á Administración tributaria algunha das actividades, empresariais ou profesionais, que realice.

Para estes efectos, poderá considerarse que o contribuínte lle ocultou á Administración tributaria algunha das actividades empresariais ou profesionais que realiza, cando a inspección dispoña de datos que poñan de manifesto a realización polo obrigado tributario de calquera actividade empresarial ou profesional respecto da que non presentou declaración, ou de actividades empresariais ou profesionais distintas das declaradas por el.

Considerarase como actividade distinta da declarada aquela que tería dado lugar á tributación polo imposto sobre actividades económicas en grupo distinto a aquel que corresponda ó do epígrafe en que se encontra dado de alta o contribuínte, ou cando se desenvolve a actividade descuberta nunha unidade de local non declarada para efectos do dito imposto, así como cando a actividade tería dado lugar á inscrición nun código de actividade e de establecemento no ámbito dos impostos especiais, distinto daquel en que se encuentre dado de alta o obrigado tributario.

2. Para efectos da ampliación do prazo de duración das actuacións de comprobación e investigación, a apreciación da concorrencia dalgunha das circunstancias mencionadas nos números anteriores será realizada polo funcionario, equipo ou unidade que estea desenvolvendo a actuación de que se trate. A proposta de ampliación dirixirase por escrito ó inspector xefe, ponderando a importancia das circunstancias indicadas en función da necesidade de amplia-lo prazo. Cando sexa o inspector xefe o que aprecie a concorrencia das ditas circunstancias, dictará acordo en tal sentido. En ámbolos casos, concederáselle ó interesado, previamente

te, un prazo de dez días para que alegue o que considere oportuno.

O acordo do inspector xefe será motivado, notificaráselle ó interesado e non será susceptible de recurso, sen prexuízo de que se poida formula-la procedencia ou improcedencia da ampliación do prazo, con ocasión dos recursos e reclamacións que, se é o caso, se interpoñan contra a liquidación que finalmente se dicte.

3. O acordo do inspector xefe non poderá dicirse ata que transcorran polo menos seis meses desde o inicio das actuacións, co obxecto de que, durante o dito prazo, poida apreciarse a necesidade de ampliar-la súa duración. Para estes efectos, non se tomarán en consideración as interrupcións xustificadas nin as dilacións imputables ó interesado que concorran na actuación.»

6. «Artigo 31 quarter. *Efectos do incumprimento dos prazos.*

Iniciadas as actuacións de comprobación e investigación, deberán proseguir ata a súa terminación, de acordo coa súa natureza e carácter mesmo se transcorreu o prazo legalmente previsto.

Malia o anterior, a interrupción inxustificada durante seis meses das actuacións inspectoras anteriores e das de liquidación, producida por causas non imputables ó obrigado tributario, na forma prevista no número 3 do artigo 32, ou o incumprimento do prazo previsto para a finalización das actuacións, producirá o efecto de que non se considere interrompida a prescrición como consecuencia das actuacións realizadas ata a interrupción inxustificada ou ata a finalización do prazo de duración delas.

Os ingresos pendentes realizados despois da interrupción inxustificada ou do incumprimento do prazo previsto para a finalización das actuacións, sen novo requirimento previo, comportarán o aboamento das correspondentes recargas ou xuros de demora, de conformidade co previsto no número 3 do artigo 61 da Lei xeral tributaria, sen que proceda a imposición de sanción pola ausencia inicial do dito ingreso. As demais declaracións ou comunicacións presentadas fóra dos seus prazos regulamentarios entenderanse realizadas espontaneamente para cantos efectos procedan.»

7. «Artigo 32. *Desenvolvemento das actuacións inspectoras.*

1. A inspección poderá requirir-la comparecencia do obrigado tributario os días que resulten precisos para o desenvolvemento das súas actuacións, en lugar e hora que se estime conveniente para tal efecto.

Cada día a inspección practicaré as actuacións que coide oportunas. O termo das actuacións de cada día, a inspección poderá fixa-lo lugar, día e hora para a súa continuación; esta poderá ter lugar desde o día hábil seguinte. Os requirimentos de comparecencia nas oficinas públicas non realizados en presenza do obrigado tributario deberán habilitar para iso un período mínimo de dez días.

2. Así mesmo, poderá comparecer nos locais da empresa ou noutras dependencias desta para a práctica das actuacións que se coiden pertinentes.

3. As actuacións inspectoras consideraranse interrompidas de forma inxustificada cando non se practicasen durante seis meses seguidos, agás que iso sexa consecuencia da concorrencia dalgunha das circunstancias previstas no artigo 31 bis.

4. A Inspección dos Tributos deberá practicalas súas actuacións procurando sempre pertur-

bar na menor medida posible o desenvolvemento normal das actividades laborais, empresariais ou profesionais do obrigado tributario.

Cando as actuacións se desenvolvan nas oficinas ou locais do obrigado tributario, deberá pórse á disposición da inspección un lugar de traballo adecuado, así como os medios auxiliares necesarios.»

8. «Artigo 32 bis. *Comparecencia do obrigado tributario.*

1. O obrigado tributario, requirido para o efecto por escrito, deberá comparecer no lugar, día e hora sinalados para a práctica das actuacións, tendo á disposición da inspección ou achegándolle a documentación e demais elementos solicitados.

2. Cando a inspección compareza sen previo requirimento no lugar onde teñan que se practicalas actuacións, o obrigado tributario deberá atenderla se se encontra presente. No seu defecto, deberá colaborar coa inspección calquera das persoas a que se refire o número 2 do artigo 30 deste regulamento e, se é o caso, a inspección requirirá no mesmo momento e lugar para a continuación das actuacións inspectoras no prazo procedente que se sinala, sen prexuízo das medidas cautelares que proceda adoptar.

3. A inspección poderá esixir que se acredite a identidade, carácter e facultades da persoa ou persoas co concurso e asistencia das cales se vaian realiza-las actuacións.

De comparecer unha persoa sen facultades suficientes para intervir nas actuacións, a inspección farao constar e considerarase o obrigado tributario como non comparecido, podendo, non embargante, entregarlle ó comparecente un requirimento para o efecto ou esixir inmediatamente, se procede, a presenza dunha persoa adecuada.

4. Cando o obrigado tributario poida alegar xusta causa que lle impida comparecer no lugar, día e hora sinalados, poderá solicitar un aprazamento por escrito dentro dos tres días seguintes ó da recepción da notificación correspondente. No suposto de que esta circunstancia acaecese transcorrido o citado prazo de tres días, poderase, se é o caso, solicita-lo aprazamento, coa máxima antelación posible á data sinalada para a comparecencia. En tales casos, sinalarase unha nova data para a comparecencia, e o obrigado tributario deberá, en todo caso, adoptar cantas medidas dependan del e lle permitan atender adecuadamente a inspección.»

9. «Artigo 33. *Permanencia dos funcionarios nas actuacións inspectoras.*

1. As actuacións de comprobación e investigación levaranas a cabo, en principio, ata a súa conclusión, os funcionarios, equipos ou unidades da Inspección dos Tributos que as iniciasen, agás cesamento, traslado, enfermidade, ou ben outra xusta causa de substitución, atendendo especialmente o carácter específico das actuacións que se van desenvolver, e sen prexuízo da facultade de calquera superior xerárquico de asumir tales actuacións cando proceda.

2. Os funcionarios da Inspección dos Tributos deberán absterse de intervir no procedemento, comunicándollo ó seu superior inmediato, cando concorran calquera dos motivos a que se refire o artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Poderá promoverse a recusación no procedemento da Inspección dos Tributos nos termos

previstos no artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

10. «Artigo 33 bis. *Solicitud de comprobación de carácter xeral.*

1. Todo obrigado tributario que estea sendo obxecto dunha actuación de comprobación e investigación de carácter parcial, levada a cabo pola Inspección dos Tributos, poderá solicitar que a dita actuación teña carácter xeral respecto do tributo e exercicio afectados por ela, sen que tal solicitude interrompa as actuacións en curso.

2. O obrigado tributario deberá efectuar a solicitude nun prazo de quince días contados desde a notificación do inicio das actuacións inspectoras de carácter parcial, mediante escrito dirixido ó inspector xefe correspondente ou facéndollo constar expresamente ó actuario, quen deberá recoller esta manifestación en dilixencia.

3. Recibida a solicitude de comprobación de carácter xeral, o inspector xefe acordará se esta se levará a cabo como ampliación da xa iniciada ou se, polo contrario, dará lugar ó inicio doutra actuación distinta. Neste caso, o inspector xefe deberá sinala-lo funcionario, equipo ou unidade a quen se lle atribúe a nova comprobación, a cal deberá iniciarse no prazo de seis meses contados desde a recepción da solicitude.

4. Para efectos de determina-lo prazo de duración a que se refire o artigo 31 deste regulamento, das actuacións de comprobación de carácter xeral, recollidas no número anterior, deberase terse en conta o seguinte:

a) Se a Inspección dos Tributos conclúese as actuacións de comprobación e investigación de carácter parcial antes do inicio das actuacións de comprobación de carácter xeral e sempre no prazo de seis meses a que se refire o número anterior, o prazo de duración das actuacións de comprobación e investigación de carácter xeral computarase a partir do inicio delas.

b) Se a Inspección dos Tributos non conclúese as actuacións de comprobación e investigación de carácter parcial, unha vez concluído o mencionado prazo de seis meses, tales actuacións pasarán a ter carácter xeral respecto do tributo e exercicio afectados por aquelas, computándose, en tal caso, o prazo de duración delas desde o inicio das actuacións de carácter parcial.

Se a actuación de carácter parcial finalizase antes de transcorridos seis meses desde a solicitude do contribuínte, pero no dito prazo non se iniciase a de carácter xeral, o inicio desta con posterioridade determinará que, para efectos do cómputo do prazo xeral a que se refire o artigo 31 deste regulamento, se considere iniciada ó día seguinte do transcurso do referido prazo de seis meses.»

11. «Artigo 33 ter. *Alegacións do interesado e audiencia previa á formalización das actas.*

1. En calquera momento anterior ó trámite de audiencia, o interesado poderá aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo, que serán tidos en conta polo órgano competente, ó redacta-la correspondente proposta de resolución.

2. En todo caso, e con carácter previo á formalización das actas, daráselle audiencia ó interesado para que poida alega-lo que conveña ó seu

dereito en relación coa proposta que se vaia formular.

Con ocasión deste trámite, o contribuínte poderá obter, pola súa conta, copia dos documentos que figuren no expediente e que teñan que ser tidos en conta á hora de dicta-la resolución.

Os interesados, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poderán alegar e presenta-los documentos e xustificantes que coïden pertinentes.»

12. «Artigo 35. *Medidas cautelares.*

1. A inspección poderá, de acordo coa lei, adoptar-las medidas de precaución e garantía que xulgue adecuadas para impedir que desaparezan, se destrúan ou alteren os libros, documentos, rexistros, programas informáticos e arquivos en soporte magnético e demais antecedentes suxeitos a exame ou se negue posteriormente a súa existencia e exhibición.

As medidas poderán consistir, se é o caso, no precinto, depósito ou incautación das mercadorías ou produtos sometidos a gravame, así como de arquivos, locais ou equipos electrónicos de tratamento de datos que poidan conte-la información de que se trate.

Para tales efectos, a inspección poderá solicitar das autoridades competentes e dos seus axentes o auxilio e colaboración que considere precisos.

A adopción destas medidas deberá documentarse adecuadamente, mediante inventario dos documentos ou obxectos precintados, depositados ou incautados.

2. As medidas cautelares terán de ser proporcionadas ó fin que se persiga ou ó dano que se pretenda evitar. En ningún caso se adoptarán aquelas que poidan producir un prexuízo de difícil ou imposible reparación.

As medidas cautelares así adoptadas levantarase se desaparecen as circunstancias que xustificaron a súa adopción.»

13. «Artigo 57. *Actas con proba preconstituída.*

1. Cando exista proba preconstituída do feito imponible, de acordo co disposto no número 2 do artigo 146 da Lei xeral tributaria, poderá estenderse acta sen a presenza do obrigado tributario ou o seu representante.

Existirá proba preconstituída do feito imponible cando este poida reputarse probado, segundo as regras de valoración da proba contidas nos artigos 114 a 119 da Lei xeral tributaria.

Na acta expresaranse, co detalle necesario, os feitos e medios de proba empregados e a ela xuntaráselle, en todo caso, informe do actuario.

2. Con carácter previo á formalización da acta, notificaráselle ó obrigado tributario a iniciación do correspondente procedemento e abrírase un prazo, non inferior a dez días nin superior a quince, no que se lle porá de manifesto o expediente, para que o interesado poida alegar o que ó seu dereito conveña e presenta-los documentos e xustificantes que coïden pertinentes.»

14. «Artigo 63 bis, número 2.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, será competente para acorda-la iniciación do expediente sancionador o funcionario, equipo ou unidade que desenvolve a actuación de comprobación e investigación, ou aquel que designe o inspector xefe, mediante autorización que este poderá conceder, en ámbolos casos, en calquera momento do procedemento de comprobación e investigación.»

Disposición derradeira segunda.

Modificación parcial do Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria.

Os artigos 2 e 3 e os números 2 e 4 do artigo 16 do Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria, quedan redactados na seguinte forma:

1. «Artigo 2. *Contido do dereito á devolución.*

1. A cantidade que se devolverá como consecuencia dun ingreso indebido estará constituída esencialmente polo importe do ingreso indebidamente efectuado e recoñecido a favor do obrigado tributario.

2. Tamén formarán parte da cantidade que se devolverá:

a) A recarga, as custas e os intereses satisfeitos durante o procedemento se o ingreso indebido se realizou por vía de constrinximento.

b) O xuro de demora regulado no artigo 58.2.c) da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, aplicado ás cantidades indebidamente ingresadas, polo tempo transcorrido desde a data do seu ingreso no Tesouro ata a da ordenación do pagamento, agás que as devanditas cantidades sexan obxecto de compensación con débedas tributarias; neste caso aboaranse os xuros de demora ata a data en que se acorde a compensación.

O tipo de xuro de demora aplicable será o vixente ó longo do período en que o citado xuro se deven-gue.»

2. «Artigo 3. *Prescripción.*

1. Prescribirá ós catro anos o dereito á devolución de ingresos indebidos.

2. O prazo de prescripción comezará a contarse desde o día en que se realizou o ingreso indebido e interromperase por calquera acto que faga fe do obrigado tributario, ou dos seus herdeiros ou habentes-*causa*, dirixido á obtención da devolución do ingreso indebido ou por calquera acto da Administración en que se recoñeza a súa existencia.

3. Recoñecida a procedencia da devolución, prescribirá, así mesmo, ós catro anos o dereito para esixilo seu pagamento, se este non fose reclamado polos acredores lexítimos. Este prazo contarase desde a data de notificación do recoñecemento da dita obriga.

4. O disposto neste precepto non será de aplicación ós ingresos indebidos de dereito público non tributarios, que se rexerán pola súa normativa específica.»

3. «Números 2 e 4 do artigo 16. *Condonación e extinción de sancións.*

2. A resolución que acorde a condonación graciable dunha sanción tributaria servirá para que na súa execución se proceda á devolución correspondente. Do mesmo modo se procederá a raíz da declaración de se ter extinguida a responsabilidade derivada dunha infracción a causa da morte do suxeito infractor.

4. O dereito ás devolucións de natureza tributaria a que se refire este artigo prescribirá ós catro anos, desde o día en que foi notificada a resolución pola que se acorda a condonación graciable ou se produciu o falecemento do suxeito infractor.

Este prazo interromperase na mesma forma prevista no artigo 3 deste real decreto.»

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

1. Autorízase o ministro de Economía e Facenda para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

2. Autorízase o presidente da Axencia Estatal de Administración Tributaria para que, por resolución, modifique, no ámbito da dita axencia, a determinación dos órganos a que se refire o artigo 5 deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. A nova redacción dada pola disposición derradeira segunda deste real decreto ó artigo 2 do Real decreto 1163/1990, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para a realización de devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria, aplicarase ós ingresos indebidos efectuados a partir do día 19 de marzo de 1998, data de entrada en vigor da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes.

3. O disposto no artigo 24 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, e a nova redacción dada pola dita lei ó artigo 64 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, e ó artigo 15 da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, no relativo ó prazo de prescripción das débedas, accións e dereitos mencionados nos ditos preceptos, aplicarase a partir de 1 de xaneiro de 1999, con independencia da data en que se realizasen os correspondentes feitos impositivos, cometesen as infraccións ou efectuasen os ingresos indebidos, sen prexuízo de que a interrupción da prescripción producida, se é o caso, con anterioridade a aquela data produza os efectos previstos na normativa vixente.

Dado en Madrid o 4 de febreiro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

(Este real decreto inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 51, de data 29 de febreiro de 2000.)

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

3088 REAL DECRETO 138/2000, do 4 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social. («BOE» 40, do 16-2-2000.)

A Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, supón a adecuación do referido sistema de inspección ós principios constitucionais de Estado social e democrático de dereito e de Estado das autonomías. O número 1 do seu artigo 19 prevé a súa estrutura territorial segundo criterios comúns, ben que acomodados ás características de cada demarcación e á aplicación do principio de traballo programado e en equipo; o número 2 do precepto citado sinala a dobre dependencia funcional da dita inspección; e o seu número 3 prevé o desenvolvemento, por vía regulamentaria, da súa estrutura, ó tempo que a dis-